

“Se se queixan, será porque non se lles ocorreu antes a idea de Enoloxía a eles”

ENTREVISTA | **José Antonio Landín Eirín** | Alcalde de Barro

A. PIÑEIRO

Barro | O alcalde de Barro, José Antonio Landín, vén de propoñer varias iniciativas que están dando moito que falar na Deputación Provincial. O seu traballo neste eido, no que participa por primeira vez, deu como froito a proposta para un consorcio industrial, un instituto provincial do chan, e, máis recentemente, unha facultade de Enoloxía.

¿Que lle parecen as últimas polémicas xeradas pola proposta que levou á Deputación para crear a facultade de Enoloxía?

—Cada un pode opinar o que queira, pero a realidade é que en Galicia de Viticultura e Enoloxía non hai nada. Non hai máis que mirar en outras rexións de España, con máis ou con menos denominacións de orixe, con máis titulacións de grao superior e medio. Salvo as materias soltas en Agroalimentaria en Lugo e Ourense —ningunha de Enoloxía— non hai nada. E son materias optativas de menos de cinco créditos. Dicar que esa é unha formación axeitada en Enoloxía non me parece apropiado. Como mínimo, débese observar a realidade: en Galicia se algún quere licenciarse ten que ir a Cataluña, a Andalucía, á Rioja, ou a Portugal e Francia. Só hai un módulo de FP de Capataz en Ponteareas e en Ourense non hai facultade. Se algunhas persoas do mundo da ensinanza se queixan, será porque non se lle ocorreu antes a idea a eles.

Houbo quen chegou a dicir que esa facultade ía ser unha mina de parados...


—Podo dar os últimos datos obtidos da carta de adhesión que mandou o decano da Facultade de Enoloxía de Tarragona, onde os alumnos con titulación non están máis aló do catro ou cinco por cen de paro. Isto é equivalente ó paro técnico. Din os grandes economistas que é ata saudable, que o emprego non pode ser do cen por cen nunha sociedade viva.

¿O problema dos sectores críticos pode deberse á proposta de ubicación?

—Plantexámolo pensando en Pontevedra porque nesta provincia apostouse con moi grandes inversións polo mundo do viño. Aí está a capital das Rías Baixas, aí está a sede do Consello Regulador, e aí están as outras facultades que ten o Campus de Vigo na provincia de Pontevedra. O que sería unha pena é que por discusións de carácter territorial, ó final quedasemos sen ela.

Outra das súas propostas estrela na Deputación é a do Consorcio Barro-Meis

—No tema dos consorcios fun artífice máis por necesidade que por outra cousa —din que pensa máis un necesitado que un avogado—, e nós tivemos que pensar porque tiñamos un



José Antonio Landín, no despacho do Concello de Barro. | A. P.

Plan Xeral cun prazo de caducidade para completar a zona industrial. O ideal sería que os particulares se animasen, pero non foi así, e a última hora, para evitar que todo o calificado se quedase como chan forestal, fíxoo o Concello. Sacouse a concurso a redacción dos plans, pero os pasos seguintes non son asumibles economicamente por parte dun concello. Entón tratouse de que o levase a cabo Xestur, pero respostaron que están sobrecargados de traballo con outros polígonos do Plan Galicia. A única alternativa que quedaba para non perder este tren era implicar á Deputación e hai que dicir que Rafael Louzán amosou gran receptividade. A partir daí nace o Consorcio e, unha vez que está plenamente en marcha, amplíase a idea. Agora están tramitándose os estatutos para un instituto provincial de desenvolvemento do chan industrial e residencial en Pontevedra.

¿Pensa que Xestur se portou mal?

—Non, simplemente dixo que non había capacidade para afrontar a proposta. Portaríase mal se dixeran

que asumía o tema e o tivera aí, languidecendo dez anos. Foi o mellor que nos puido pasar, porque imos máis rápidos que doutro xeito.

¿Cando espera ter as parcelas rematadas?

—Estáanse a seguir os pasos administrativos sen perder comba. Imos sacar a concurso a fase previa das expropiacións, a constitución de fichas de identificación da propiedade, e o paso seguinte será a expropiación. Pensamos que nun mes adxudicaremos este traballo e que en seis ou sete podemos telo completo, o cal quere dicir que antes de final de ano poderemos empezar a expropiación. Calculo que a primeiros do ano que vén poderemos comezar coa urbanización. A finais de 2006 ten que haber parcelas para poder ocupar.

¿Que opina das elucubracións sobre empresas que poden ocupar este polígono?

—O polígono está aberto ás empresas desta zona, con necesidades de ampliar e que non poden. Respecto do que se refiren á papelera, a miña opinión é que sería unha aberración, por motivos de competitividade, de transporte e de tráfico, que se des-

cademais »

A peaxe de Rande

Landín Eirín prepara unha nova proposta para a Corporación Provincial sobre a autopista AP-9: “Estamos elaborando unha moción dicindo que en Caldas e en Vilaboa non se pode permitir con este nivel de tráfico se poida entrar e saír en unha soa dirección. Tamén incluímos o tema de Rande—a gratuidade—e, sobre todo, a solicitude de tarifa plana para toda Galicia. A gran promesa do PSOE de que no prazo de seis meses amañarían o tema da peaxe fíxose hai case un ano. Van pasar doce meses e seguimos exactamente igual. A Autopista Pontevedra-Vigo, xunto cun tramo de Lalín é do máis caro de España”. Landín defende que en Vilaboa e Carracedo debe haber entradas e saídas da AP-9 en tódalas direccións posibles.

prazase a papelera da pasteira. Hai un tren, hai un porto e a fábrica de pasta está alí. Non hai que ser moi listo para saber que o ciclo ten que rematar onde empeza para ser competitivo no mercado.

¿Que tal vai o desenvolvemento do chan residencial de Barro?

—O PXOM de Barro é o que nos propuxemos en gran parte. Na limitación de núcleos propuxemos unha cousa moito máis ambiciosa, pero veñen delimitados pola propia lei. Estamos en moitos sitios por enriba do que sería estritamente legal e houbo que negociar e acceder a recortes, pero penso que é moito mellor este PXOM que estar renqueando, coma municipios moito maiores ca o noso que seguen sen poder dar unha soa licenza no rural.

¿Como valoran os veciños os efectos da construción da liña do AVE en Barro, agora que se ven as obras?

—Algúns veciños verán só o impacto final e non o proceso de negociación, pero puido ser peor. Mellorouse cando se puxo a primeira pedra: chegouse a un acordo con Álvarez Cascos, e conseguiu o viaducto de Faxil, onde estaba previsto un recheo. Un viaducto de preto de un quilómetro sempre é mellor que un terraplén que ocupaba o triple de terreo e iba a xerar una barreira insalvable para a mobilidade dos veciños. Claro que impacta o AVE, pero as obras públicas por algún lado se teñen que levar a cabo.

“A cabeza castrexa é unha copia e puxémola nós para catalogar o terreo”

■ ¿Como segue a tramitación do proxecto dun monólito relixioso na Chan?

—Presentouse por parte dunha asociación privada un proxecto de obra e a obriga de calquera administración é tramitala. E iso é o único que se fai. Salvamos ese monte de que se montara unha extracción de áridos, antes de facerse a autopista, así que calquera cousa, que pase a partir de aí é boa. Había unha concesión de minas e conseguiu facendo que se catalogase un castro. Que o haxa ou non saberase porque a raíz da petición do monumento relixioso o Concello ten encargado un proxecto arqueolóxico para facer unhas prospeccións. Á vista só hai unhas barreiras de terra, como pasos defensivos. Oxalá que apareza un castro, benvido sexa. Do que se fala ata o momento nadie ten máis que elucubracións...

¿Pero non é certo que está catalogado pola Xunta?

—Catalogouse a petición nosa no PXOM para protexelo de que non fora unha canteira. Podo dicir que a cabeza do guerreiro castrexo e os muíños e todo, botámolo nós alí cando se catalogou. E logo por pouco prendémos. Podo dicir ata o autor...

¿Dí que é unha copia?

—Claro, hai máis parecidas pero feitas de fai décadas. Iso é así. Esas pedras no momento en que se ía destruír o monte botámoslas nós aí e pedimos a catalogación da Xunta... podes escribilo. Conteillo ó arquitecto de Cultura.

Pero o subdirector de Patrimonio foi contundente cando dixo que o castro estaba catalogado ¿non?

—Pero estamos falando de memoria, porque o que nós temos encargado é un proxecto para ver se hai algo ou nada.

¿Ten falado cos promotores desta idea?

¿Non lles dan ganas de desistir as críticas que xera?

—Teño falado e non, esperan a que se tramite totalmente para ver o resultado.

¿Sabe como financiarían este monumento?

—Non, nin creo que sexa asunto meu. Non é unha promoción do Concello nin nada no que estea previsto gastar un peso.

¿Non sería máis cómodo para este Concello facer unha tramitación sen implicarse no apoio a este monumento?

—Non, porque que en Barro se poida poñer un dos tres puntos de devoción á Inmaculada Concepción en toda España é moi importante e moito máis atractivo e menos impactante que calquera outra cousa. Se se puxese unha estatua a Lennin, a Azaña, ou á Pasionaria as protestas de determinados sectores serían menores, estou seguro.

“Imos presentar unha iniciativa para pedirlle ó Goberno tarifa plana para as autopistas galegas”

“Se no canto dun monumento relixioso se puxese unha estatua de Lenin, protestarían menos”

“Non hai que ser moi listo para saber que é inviable separar a papelera da pasteira”

“É moito mellor este PXOM que estar sen poder dar licencias ao rural como moitos municipios”

“A finais do 2006 ten que haber parcelas disponibles para ocupar no polígono”